

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA A CELEBRACIÓN DO 3º CONGRESO INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) para a celebración do 3º Congreso Internacional de Turismo Termal, que terá lugar entre os días 27 de 29 de setembro de 2022 en Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. A



Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- De conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o INORDE é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sustentable de toda a provincia. Os seus Estatutos, publicados no nº 231 do BOP de Ourense do 5 de outubro de 2004, establecen entre outros obxectivos o de "impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia" (art. 3.f).

Así mesmo, o artigo 4.1. f) establece que para acadar os seus obxectivos o INORDE poderá "promover e establecer acordos técnicos e económicos de todo tipo de empresas, organismos, institucións, asociacións e expertos que poidan contribuír ao cumprimento dos obxectivos do INORDE" engadindo no punto 2 que "para o exercicio das súas funcións, o INORDE disporá das mesma potestades administrativas que a lei lle atribúe á Deputación".

O INORDE como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio, sendo os obxectivos que se pretenden acadar a través del:

1.- Desestacionalización da oferta turística.



2.- Elaboración e promoción de produtos turísticos centrados no termalismo e no deporte.

3.- Promoción de produtos turísticos en mercados de proximidade.

As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

Terceiro.- Ourense será a sede do 3º Congreso Internacional de Turismo Termal, que terá lugar entre o 27 e o 29 de setembro de 2022, tralos anteriores congresos internacionais de turismo termal celebrados en Mondariz-Balneario en 1999 e tamén en Ourense en 2011. O dito congreso forma parte do programa de traballo da Organización Mundial de Turismo (OMT) 2022, a través dunha proposta realizada pola Asociación de Cidades Termas Históricas Europeas (EHTTA) da que forman parte, entre outras, a cidade e a provincia de Ourense, e que se centrará en como o turismo termal pode contribuír á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da ONU. A asistencia prevista é de 300 congresistas vidos de todo o mundo. O día previo ó comezo do Congreso desenvolverase un evento especial de benvida con motivo do Día Mundial do Turismo.

O Turismo Termal está intimamente ligado ao medio natural e cultural, e representa unha das formas máis valiosas de turismo sostible. O turismo termal ofrece aos visitantes a posibilidade de utilizar todos os atributos da vila para a saúde, o benestar, a aprendizaxe, o entretemento, a socialización e a atención plena (e/ou benestar espiritual). Como resultado, o turismo termal é unha poderosa ferramenta para contribuír a salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo, así como para proporcionar beneficios socioeconómicos, incluíndo a revitalización das zonas rurais e a creación de emprego estable e oportunidades de obtención de ingresos. O turismo termal, ademais de estar chamado a ser unha das experiencias de maior crecemento despois do fin da



pandemia de COVID-19, é un instrumento que contribúe ó desenvolvemento sostible e que serve de modelo para outros sectores e produtos turísticos, polo que é necesario explorar as conexións con outros recursos culturais e naturais para crear produtos termais vangardistas.

O Xacobeo 2021-2022 é tamén outro dos aspectos salientables na elección de Ourense como sede do congreso, xa que a provincia está atravesada por dúas das rutas oficiais a Compostela: o Camiño de Inverno e a Vía da Prata. O enorme interese do Camiño de Santiago demostra a gran capacidade deste Itinerario Cultural do Consello de Europa para diversificar a oferta, distribuír os fluxos turísticos e dinamizar as economías rurais. O territorio ourensán é o lugar perfecto para estudar novos produtos de turismo termal sostible e, en particular, aqueles que conectan a Ruta Europea das Cidades Históricas Termas con outras Rutas Culturais do Consello de Europa.

Entre os obxectivos do congreso está o de contribuír ó posicionamento global de Galicia como destino termal sostible e promover o Camiño de Santiago Termal no segundo ano do bienio Xacobeo.

Cuarto.- Que as entidades consideran de mutuo interese a colaboración nas actividades obxecto deste convenio porque contribúen á promoción, dinamización e fomento da riqueza provincia Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o seu ámbito e á súa consolidación como destino turístico xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

Que a través deste convenio, outórgase INORDE unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

